

LISTA DE ASISTENTES

EQUIPO DE GOBERNO

Bravo Bosch, María José
Caparrini Marín, Natalia
Doval Ruiz, María Isabel
Lago Ferreiro, Alfonso
Lantarón Caeiro, Eva
Miguez Tabarés, José Luis
Pozo Triviño, María Isabel del
Reboreda Morillo, Susana
Reigosa Roger, Manuel Joaquín
Rodríguez Rajo, Francisco Javier
Rubio Armesto, Belén
Valcárcel Fernández, Patricia
Valderrama Santomé, Mónica

DECANOS/DIRECTORES

Álvarez González, Susana
Cid Fernández, Xosé Manuel
Cruz González, María Montserrat
Currás Valle, Consuelo
Díaz Redondo, Rebeca Pilar
Formella, Arno
García Cutrín, Francisco Javier
García Fontán, María Soledad
Pardo Froján, Juan Enrique
Peña Gallego, María de los Ángeles
Pérez Vázquez, María Consuelo
Rodríguez Domínguez M^a del Mar

PDI-A

Anaya Revuelta, Inmaculada
Arévalo Tomé, Raquel
Durán Barbosa, Rafael
López Ardao, Jose Carlos
Montero Reguera, José Francisco
Porteiro Fresco, Jacobo
Rúas Araújo, José
Ruiz Hidalgo, María del Carmen
Siota Álvarez, Mónica

PDI-B

Álvarez Álvarez, María Salomé

ESTUDANTES

Diz Folgar, Manuel
Lima González, Estela

PAS

CONSELLO SOCIAL

Calviño Rodríguez, Xulio
Larriba Leira, Elvira
Pedrosa Silva, Ernesto

SINDICATOS

Cuevas Alonso, Miguel
Pazos Currás, Marta María

DESCULPAN A SÚA AUSENCIA

Barreiro Rodríguez-Moldes, M^a Covadonga
López Mira, Álvaro Xosé
Varela Álvarez, Enrique José

Acta da sesión ordinaria do Consello de Goberno da Universidade de Vigo do 24 de xaneiro de 2024, convocada para ás 9:30 h. en primeira convocatoria e ás 10:00 h. en segunda, na Sala 18 do Campus Remoto da Universidade de Vigo.

Ás 10:00 do día 24 de xaneiro de 2024 comeza a sesión, acadado o quórum en segunda convocatoria, presidida polo reitor, na Sala 18 (Consello de Goberno) do Campus Remoto. O reitor, e mais a secretaria xeral xunto con varios membros do órgano asisten presencialmente no Paraninfo da Universidade.

Por outra banda, as persoas da comunidade universitaria poden seguila mediante un enlace a UVigo TV cun contrasinal que se lles comunica antes do comezo da mesma.

Os asuntos a tratar son os seguintes, consonte á orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión ordinaria do 26 de decembro de 2023.
2. Informe do reitor.
3. Aprobación, se procede, da modificación das normas para a contratación do Profesorado Axudante Doutor.
4. Aprobación, se procede, da convocatoria do plan de promoción de Profesorado Asociado acreditado para o curso 2024/25.
5. Aprobación, se procede, da tramitación das modificacións non substanciais de programas de doutoramento por cambio de centro de adscrición.
6. Aprobación, se procede, da declaración de interese de verificación/modificación de títulos de Grao, Máster e Programas de Doutoramento.
7. Aprobación, se procede, da proposta dos premios extraordinarios de grao curso 2022-23.
8. Aprobación, se procede, da proposta dos premios extraordinarios de doutoramento curso 2022-23.
9. Quenda de intervencións.

1. Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión ordinaria do 26 de decembro de 2023.

O reitor indica que non se presentaron observacións á acta e pide que se aprobe por asentimento.

Apróbase a acta por asentimento.

2. Informe do reitor.

O reitor, en primeiro lugar, comenta que se segue a traballar no proxecto Athena, European University. A solicitude presentárase o día 3 ou 4 de febreiro de 2024, e está implicada moita xente da comunidade universitaria.

Fai tamén referencia ao traballo da Comisión de Estatutos, organizáronse xa oito xuntanzas e están avanzados o título preliminar e o título I. Despois das primeiras consultas coa Asesoría Xurídica, dividiremos o título preliminar, unha parte relacionada coas aspiracións e outra de contido máis técnico, normativo. No segundo trimestre de 2024 teremos unha versión preliminar para traballar no Claustro.

Polo que se refire a nomeamentos, causan baixa como delegada de Protección de Datos a profesora Ana Garriga e como director da Área de Protección de Datos, Óscar Veloso. Nomeouse ao profesor Miguel A. Michinel como Delegado de Protección de Datos, e Martín López Nores foi nomeado como adxunto ao reitor para a Dixitalización.

Informa tamén sobre o proxecto Pathfinder-EVERGLASS, convocatoria do Consello Europeo de Innovación, na que é bastante complicado ter éxito e o profesor Pou conseguiu un proxecto importante que, ademais, ten unha dotación económica forte para a Universidade de Vigo, que é a coordinadora.

Xuntanza dos tres reitores das universidades públicas galegas co candidato do PP a presidente da Xunta de Galicia. Informa tamén da toma de posesión do reitor da Universidade da Coruña, Ricardo Cao.

Con respecto ao CESGA, hai unha iniciativa pola que recibiu 47.4 millón de euros do PERTE Chip, polo que se manterá unha xuntanza cos investigadores relacionados con esa temática por se queren propoñer proxectos utilizando as novas infraestruturas.

Houbo tamén unha xuntanza co presidente da Deputación de Ourense para participar na mesa termal, e agradece a invitación, polo que se refire a Ourense.

Se segue negociando co Ministerio polas achegas necesarias para poñer en marcha a LOSU. A estimación é que necesitamos 3.5 millóns de euros non incluídos no Plan de financiamento. Se se aproba hoxe, a vindeira semana comezaremos as xuntanzas cos departamentos para a futura sinatura de contratos-programa.

Remata o informe ás 10.07.

3. Aprobación, se procede, da modificación das normas para a contratación do Profesorado Axudante Doutor.

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Profesorado e Ordenación Académica, quen expón en primeiro lugar que se sinte moi satisfeita por poder presentar a seguinte normativa, polo cambio que pode supoñer, e a boa perspectiva de cara á saída a concurso de prazas que poden implicar a consolidación de perfís de PDI na Universidade de Vigo, aproveitando a adaptación do noso sistema normativo á LOSU:

1. Definicións

- Unidade docente: é a unidade organizativa da docencia nos departamentos, sobre a base da que se identificarán as necesidades de novas prazas de Profesorado Axudante Doutor. Cada combinación de área de coñecemento e de campus que teña docencia encargada considerarase unha unidade docente, se ben os departamentos poderán configurar de maneira estable unidades máis amplas, mediante a unión de varias das súas unidades.
- Dedicación docente máxima dun profesor/a permanente a tempo completo: 240 horas.
- Dedicación docente dun profesor/a: é a redución da «dedicación docente máxima» segundo o número de sexenios e a antigüidade destes de acordo co establecido na normativa de dedicación e recoñecementos vixente en cada momento.
- Capacidade docente básica dun profesor/a: é a diferenza entre a «dedicación docente» e os recoñecementos académicos, de representación e docentes que lle correspondan na elaboración do POD.
- Capacidade docente quinquenal dun profesor/a: é a diferenza entre a «dedicación docente» e o promedio de horas de recoñecementos académicos, de representación e docentes do profesorado permanente nos últimos cinco cursos académicos anteriores á elaboración do POD.
- Capacidade docente básica dunha unidade docente: é o resultado de sumar as «capacidades docentes quinquenais» do seu profesorado con vinculación permanente, con dereito a reserva de praza e a correspondente ás prazas con dereito a promoción.
- Carga docente básica dunha unidade docente: é o total da docencia encargada a esa unidade docente en titulacións de grao e en titulacións de mestrado que habilitan para profesións, mestrados G2030 e mestrados do ámbito das ciencias da saúde.

2. Criterios e procedemento para a convocatoria de novas prazas de Profesorado Axudante Doutor con carácter previo á elaboración do POD

- Con carácter previo á elaboración do POD para un curso académico, a Vicerreitoría de Ordenación Académica e Profesorado publicará a seguinte información:
 - A carga docente básica e a capacidade docente básica de cada unha das súas unidades docentes, calculadas o 31 de decembro do ano anterior ao da elaboración do POD correspondente, como parte da información do seu cadro teórico de persoal.

- O número máximo de prazas de Profesorado Axudante Doutor que contratar para o curso seguinte, con base ás súas previsións orzamentarias.
- A Vicerreitoría de Ordenación Académica e Profesorado establecerá un prazo para que os departamentos poidan solicitar novas prazas de Profesorado Axudante Doutor naquelas das súas unidades docentes nas que a diferenza entre a carga docente básica e a capacidade docente básica sexa igual ou superior a 240 horas. Nestes cálculos non se computará o PDI que se xubile forzosamente antes do comezo do curso para o que se elabore o POD ou ben nos tres cursos académicos seguintes.

No caso de que o número de solicitudes por parte dos departamentos supere o número máximo de prazas que contratar para o curso seguinte, as solicitudes atenderanse con base ao curso no que se alcance o déficit de polo menos 240 horas e, dentro de cada un deles, con base á ratio crecente entre a capacidade docente básica e a carga docente básica, ata chegar ao dito máximo.

Despois de ter aplicado o criterio anterior e no caso de que o número de solicitudes por parte dos departamentos supere o número máximo de prazas que contratar para o curso seguinte, o número máximo de prazas de Profesorado Axudante Doutor por unidade docente non poderá ser superior a tres prazas.

En todo caso, a vicerreitoría estudará as solicitudes presentadas respecto de unidades docentes nas que, a pesar de non cumprir os criterios xerais indicados, se dean circunstancias especiais que poidan ser consideradas para o cómputo da docencia consolidable na dita unidade.

O reitor intervén para dicir que é necesaria a corresponsabilidade dos departamentos á hora de negociar a oferta posible.

Miguel Cuevas intervén para amosar a ledicia da parte social como xa se manifestou na mesa de negociación, e tamén por parte da CIG, porque un cambio desta normativa é moi importante para a Universidade de Vigo. Cre que representa fundamentalmente o principio dunha remuda na plantilla da súa facultade, e ademais arranxa unha cuestión que os propios sindicatos xa reclamaban na mesa de negociación hai moito tempo, que era a non conxelación das plantillas nos departamentos, xa que supoñía deixar moita docencia en mans de persoas con contratos precarios. Isto vai comezar a solucionar esta cuestión. Cre que é unha modificación moi positiva, polo que pide que conste en acta esta posición, que vai permitir integrar a este persoal, como dixo a vicerreitora, cun compromiso coa canteira, incluíndo os retornados. Vai facer que haxa un equilibrio entre a captación de talento dos retornados e os da Universidade de Vigo. Hai un corte etario entre os novos e outra xeración, e cunha planificación evitariáse este corte xeracional. Solicita tamén que se pense nunha planificación de formación, inclusive no exterior, para que estean en igualdade de condicións.

O reitor dálle as grazas e confirma que está de acordo co dito por Miguel Cuevas.

Apróbase por asentimento.

4. Aprobación, se procede, da convocatoria do plan de promoción de Profesorado Asociado acreditado para o curso 2024/2025.

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Profesorado e Ordenación Académica, quen explica a seguinte convocatoria, na que hai menos novidades, como convocatoria de promoción de Profesorado Asociado co título de doutor:

1. Obxectivo:

A presente convocatoria ten como obxectivo a realización dun proceso selectivo para a promoción á figura de Profesorado Axudante Doutor de persoal que, durante os últimos anos, ocupara con desempeño positivo prazas de Profesorado Asociado na Universidade de Vigo e que posúa o título de doutor/a.

2. Número e procedemento de creación de prazas: seleccionaranse cinco profesores/as asociados.

3. Requisitos das persoas solicitantes:

Os mesmos, con esta novidade: ter o título de doutor/a cunha antigüidade mínima dun ano.

4. Selección: de producirse un empate na aplicación do criterio anterior, utilizaranse os seguintes criterios de desempate, pola orde na que se presentan e computados na data de finalización do prazo de presentación de solicitudes:

- Antigüidade como profesor/a asociado na Universidade de Vigo.
- No caso de persistir a igualdade, o maior nivel de rango de acreditación, no caso de que as persoas solicitantes contasen coa acreditación a algunha figura.
- No caso de persistir a igualdade, a data de obtención da acreditación que se valorase como desempate segundo o criterio anterior.
- No caso de persistir a igualdade, a antigüidade na obtención do grao de doutor/a.
- No caso de igualdade, a corrección da maior infrarrepresentación de xénero dunha área de coñecemento da Universidade de Vigo, dentro do profesorado con vinculación permanente.
- No caso de persistir a igualdade, resolverase a favor da persoa de maior idade.

5. Data: canto antes: xx de xx de 2024.

Informa tamén de que pasou por mesa de negociación, onde aprobouse por asentimento, e tamén ten informe favorable da COAP.

O reitor informa que os representantes de asociados querían que houbera máis prazas. Cre que houbo unha mestura, efectivamente hai dúas cuestións: unha é a que reflicte a LOSU, de que antes de decembro deste ano os asociados pasen a ser figuras estables, e isto é para persoas que teñen un currículo axeitado para pasar a unha carreira investigadora. Os outros van a continuar como asociados.

Apróbase por asentimento.

5. Aprobación, se procede, da tramitación das modificacións non substanciais de programas de doutoramento por cambio de centro de adscrición.

O reitor cede a palabra ao vicerreitor de Titulacións e Innovación Docente, quen sinala que foi aprobada por asentimento na COAP do 19 de xaneiro de 2024.

- Situación actual:
 - Moitos dos PD impartidos na universidade estaban adscritos aos centros que solicitaron orixinalmente o PD e non se cambiaron desde a creación da Eido.
- Modificación non substancial:
 - Adscrición dos PD ás escolas de doutoramento.
 - Proceso simultáneo nas tres universidades do SUG.
- Tramitación da modificación non substancial:
 - Presentación/aprobación da modificación non substancial na UVigo.
 - Presentación na ACSUG do formulario correspondente.

Aprobación por asentimento na COAP do 19 de xaneiro de 2024

15 programas

Programas de doutoramento UVigo
Auga, sostibilidade e desenvolvemento
Ciencia e tecnoloxía agroalimentaria
Ciencia e tecnoloxía química
Ciencias da educación e do comportamento
Comunicación
Creatividade e innovación social e sostible
Ecosistemas terrestres, uso sostible e implicacións ambientais
Educación, deporte e saúde
Enxeñaría química
Investigación en tecnoloxías e procesos avanzados na industria
Metodoloxía e aplicacións en ciencias da vida
Ordenación xurídica do mercado
Tecnoloxías da información e das comunicacións
Tradución e paratradución
Xestión e resolución de conflitos. Menores, familia e xustiza terapéutica
Creación e investigación en arte contemporánea (Presentou unha modificación substancial previa)
Sistemas de software intelixentes e adaptables (Presentou unha modificación non substancial previa)

Aprobación por asentimento na COAP do 19 de xaneiro de 2024

5 programas

Programas de doutoramento interuniversitarios coordinados pola UVigo
Análise económica e estratexia (UVigo + UDC + USC)
Equidade e innovación (UVigo + UDC + USC + UCA + UOV)
Estudios literarios (UVigo + UDC)
Estudios lingüísticos (UVigo + UDC)
Física aplicada (UVigo+ UDC)
Tecnoloxía aeroespacial: enxeñarías electromagnética, electrónica, informática e mecánica (UVigo + UEX)
Biotecnoloxía avanzada (UVigo + UDC) (Presentou unha modificación non substancial previa)
Xeotecnoloxías aplicadas á construción, enerxía e industria (UVigo + USAL) (Presentou unha modificación non substancial previa)

Universidade de Vigo



Aprobación por asentimento na COAP do 19 de xaneiro de 2024

5 programas

Programas de doutoramento interuniversitarios
Ciencia e tecnoloxía química (USC + UVigo)
Estudios ingleses avanzados: lingüística, literatura e cultura (USC + UVigo + UDC)
Láser, fotónica e visión (USC + UVigo + UDC)
Métodos matemáticos e simulación numérica en enxeñaría e ciencias aplicadas (USC + UVigo + UDC)
Protección do patrimonio cultural (USC + UVigo + UDC)
Endocrinoloxía (USC + UVigo) (Presentou unha modificación substancial)
Ciencias do deporte, educación física e actividade física saudable (UDC + UVigo) (Presentou unha modificación substancial)

Universidade de Vigo



Solicita a aprobación para a tramitación pola ACSUG.

Apróbase por asentimento.

6. Aprobación, se procede, da declaración de interese de verificación/modificación de títulos de Grao, Máster e Programas de Doutoramento.

O reitor cede a palabra ao vicerreitor de Titulacións e Innovación Docente, quen sinala que foi aprobada por asentimento na COAP do 19 de xaneiro de 2024:

Aprobación por asentimento na COAP do 19 de xaneiro de 2024

CURSO 2025/2026	GRAOS	CENTRO	PROCEDEMENTO NOVO	CONXUNTO	UNIVERSIDADE COORDINADORA	OBSERVACIÓNS
	PCEO Grao en Comunicación Audiovisual e Grao en Publicidade e Relacións Públicas	Facultade de Comunicación	VERIFICACIÓN SI	NON	UVigo	
	PCEO Grao en Enxeñaría Informática e Grao en Intelixencia Artificial	Escola Superior de Enxeñaría Informática	VERIFICACIÓN SI	NON	UVigo	
	PARS Enxeñaría Biomédica	Escola de Enxeñaría Industrial	VERIFICACIÓN SI	NON	UVigo	Curso 2024/2025
	PARS Enxeñaría en Tecnoloxía de Telecomunicacións	Escola de Enxeñaría de Telecomunicación	VERIFICACIÓN SI	NON	UVigo	Curso 2024/2025
	PARS Enxeñaría en Tecnoloxías Industriais	Escola de Enxeñaría Industrial	VERIFICACIÓN SI	NON	UVigo	Curso 2024/2025
	PARS Enxeñaría Informática	Escola Superior de Enxeñaría Informática	VERIFICACIÓN SI	NON	UVigo	Curso 2024/2025
	PARS Enxeñaría Aeroespacial	Escola de Enxeñaría Aeronáutica e do Espazo	VERIFICACIÓN SI	NON	UVigo	Curso 2024/2025

Universidade de Vigo



Aprobación por asentimento na COAP do 19 de xaneiro de 2024

CURSO 2025/2026	GRAOS	CENTRO	PROCEDEMENTO NOVO	CONXUNTO	UNIVERSIDADE COORDINADORA	OBSERVACIÓNS
	Grao en Bioloxía	Facultade de Bioloxía	MODIFICACIÓN NON	NON	UVigo	
	Grao en Enfermería	Escolas de Enfermería Vigo/Ourense/Po	MODIFICACIÓN NON	NON	UVigo	
	Grao en Enxeñaría de Tecnoloxías de Telecomunicación	Escola de Enxeñaría de Telecomunicación	MODIFICACIÓN NON	NON	UVigo	
	Grao en Publicidade e Relacións Públicas	Facultade de Comunicación	MODIFICACIÓN NON	NON	UVigo	
	Grao en Química	Facultade de Química	MODIFICACIÓN NON	NON	UVigo	
	Grao en Relacións Internacionais	Facultade de Relacións Internacionais	MODIFICACIÓN NON	SI (UVigo, UDC)	UDC	

Universidade de Vigo



Aprobación por asentimento na COAP do 19 de xaneiro de 2024

CURSO 2025/2026	MESTRADOS	CENTRO	PROCEDEMENTO	NOVO	CONXUNTO	UNIVERSIDADE COORDINADORA	OBSERVACIÓNS
	Mestrado en literatura dramática, música e artes escénicas	Facultade de Filoloxía e Tradución	VERIFICACIÓN	SI	NON	UVigo	
	Mestrado en prevención e tratamento das drogodependencias e condutas aditivas	Facultade de Ciencias da Educación e Traballo Social	VERIFICACIÓN	SI	SI (UVIGO, USC)	UVigo	
	Mestrado en realidade estendida	Escola de Enxeñaría de Telecomunicación	VERIFICACIÓN	SI	SI (UVIGO, UDC)	UDC	
	Mestrado en ciencia do exercicio, preparación física e readaptación deportiva	Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte	VERIFICACIÓN	SI	SI (UVIGO, UDC)	UVigo	Informe desfavorable da SXU na convocatoria 2024/2025
	Mestrado en enfermaría	Facultade de Fisioterapia*	VERIFICACIÓN	SI	NON	UVigo	*Adscrición provisional mentres non se crea a Facultade de Enfermería
	Mestrado en creación artística contemporánea	Facultade de Belas Artes	VERIFICACIÓN	SI	NON	UVigo	
	Mestrado en incendios forestais. Ciencia e xestión Integral.	Escola de Enxeñaría Forestal	VERIFICACIÓN	SI	SI (León, Lleida, Politécnica de Valencia)	Lleida	A verificación supón a incorporación da UVigo ao actual mestrado interuniversitario xunto ás actuais universidades (UdL, Unileón e UPV).
	Mestrado en criminoloxía	Facultade de Dereito	VERIFICACIÓN	SI	SI (UVIGO, UDC)	UDC	Informe desfavorable da SXU na convocatoria 2024/2025

Aprobación por asentimento na COAP do 19 de xaneiro de 2024

CURSO 2025/2026	MESTRADOS	CENTRO	PROCEDEMENTO	NOVO	CONXUNTO	UNIVERSIDADE COORDINADORA	OBSERVACIÓNS
	Mestrado en enxeñaría de telecomunicación	Escola de Enxeñaría de Telecomunicación	MODIFICACIÓN	NON	NON	UVigo	
	Mestrado en ciencia e tecnoloxías da información cuántica	Escola de Enxeñaría de Telecomunicación	MODIFICACIÓN	NON	SI (UVigo, UDC, USC)	USC	
	Mestrado en lingüística aplicada	Facultade de Filoloxía e Tradución	MODIFICACIÓN	NON	SI (UVigo, UDC, USC)	UDC	
	Mestrado en enxeñaría industrial	Escola de Enxeñaría Industrial	MODIFICACIÓN	NON	NON	UVigo	
	Mestrado en biotecnoloxía avanzada	Facultade de Bioloxía	MODIFICACIÓN	NON	SI (UVIGO, UDC)	UVigo	
	Mestrado en enxeñaría informática	ESE Informática	MODIFICACIÓN	NON	NON	UVigo	
	Mestrado en industria 4.0	Escola de Enxeñaría Industrial	MODIFICACIÓN	NON	NON	UVigo	*Propónse un cambio na denominación do título e deixa de ser interuniversitario, polo que é precisa unha reverificación.. NON PROCEDE
	Mestrado en valoración, xestión e protección do patrimonio cultural	Facultade de Historia	Modificación	NON	NON	UVigo	

Aprobación por asentimento na COAP do 19 de xaneiro de 2024

CURSO 2025/2026	PROGRAMAS DE DOUTORAMENTO	CENTRO	PROCEDEMENTO	NOVO	CONXUNTO	UNIVERSIDADE COORDINADORA	OBSERVACIÓNS
	Programa de doutoramento en ciencias da saúde	Escola Internacional de Doutoramento UVigo	VERIFICACIÓN	SI	NON	UVigo	
	Programa de doutoramento en endocrinoloxía	Escola Internacional de Doutoramento UVigo	MODIFICACIÓN	NON	SI (UVigo+USC)	USC	
	Programa de doutoramento en ciencias do deporte, educación física e actividade física saudable	Escola Internacional de Doutoramento UVigo	MODIFICACIÓN	NON	SI (UVigo+UDC)	UDC	
	Programa de doutoramento en creación e investigación en arte contemporánea	Escola Internacional de Doutoramento UVigo	MODIFICACIÓN	NON	NON	UVigo	

Apróbanse por asentimento.

7. Aprobación, se procede, da proposta dos premios extraordinarios de grao curso 2022-23.

O reitor di que non vai poñer a listaxe, aínda que está a disposición dos membros do Consello de Goberno na documentación (Anexo I).

Apróbase por asentimento.

8. Aprobación, se procede, da proposta dos premios extraordinarios de doutoramento curso 2022-23.

O reitor comenta que se trata dun asunto de trámite, feito consonte a normativa (Anexo II).

Apróbase por asentimento.

9. Quenda de intervencións.

O reitor cede a palabra a Manuel Diz Folgar, quen fala do problema de Vitrasa. Actualmente solo hai tres autobuses que suben a primeira hora aos estudantes, pero si que é certo que co comezo

das clases en febreiro haberá un problema cos autobuses. Non é un problema directamente da Universidade, pero hai que presionar para que se poida resolver esta problemática.

O reitor comenta que está totalmente de acordo, e que fará todo o que poida para arranxar este problema.

O reitor cede a palabra a Miguel Cuevas, quen fai un rogo ao reitor, ou quen estea na CRUE, e ten que ver cos sexenios. Hai moito movemento arredor dos novos baremos dos sexenios; hai moita xente queixándose, que consideran que é un cambio moi brusco nun período de tempo moi curto. Hai xente que xa lle comentara que están pensando en non pedir, en desistir este ano de solicitar o sexenio, polo que pide que cando se fagan cambios deste tipo na normativa e nos baremos, fomenten un período de carencia ou adaptación. Sobre todo porque ten a sensación de que aos de Humanidades e Ciencias Sociais píllalles sempre ao contrario, xa que facían ciencia aberta cando non existía, lles pediran que mudaran e fixeran outra cousa, e agora lles piden que volvan facer ciencia aberta, e agora xa están nunha segunda transformación. O que pide é unha aplicación de xeito flexible e que haxa certa estabilidade no concepto, para que non haxa estas idas e voltas.

O reitor, antes de darlle a palabra a vicerreitora de Investigación, comenta dúas cousas: nestes momentos temos unha moi boa revista en galego, Cumieira das letras, polo que temos que apoiar que a ciencia se poida facer noutras linguas, e nós co apoio ao galego, coa obriga moral de facer esforzos, podemos facer achegas recoñecidas en galego. E logo, en canto as palabras de Miguel Cuevas, di que é unha certa retroactividade, porque se ti aplicas un baremo que mudas de repente a un período seis anos anterior, iso pode estar seguro de que na CRUE defenderán que esta serie de cambios hai que facelos con moito sentido, e cando se cambia de rumbo, non deben de ser mudanzas de 180 grados, polo que comparte que non se vaia xulgar o traballo feito nos seis anos anteriores con criterios que se establecen agora e que poderían dicir que as regras mudaron a partir do 2024.

A continuación o reitor cede a palabra á vicerreitora de Investigación, Transferencia e Innovación, quen indica que é membro da CRUE I+D+i e, en canto se puxo a exposición pública a convocatoria de sexenios, ela xa comentou que aos que ían ser avaliados se lles cambiaban as regras de xogo. Cando tiveron a xuntanza de CRUE en Barcelona, lle preguntou á directora da ANECA, Pilar Paneque, para tranquilidade da xente, se o persoal que fixera o que viña facendo antes tiña garantía de poder acadar o sexenio, e ela dixo que si. É certo que as publicacións míranse con outros indicadores, pero hai outras cousas que non cambiaron tanto. De feito, o repositorio institucional da Uvigo leva varios anos, aínda que non se tiña moito en consideración. Fala tamén de COARA, e cree que é enriquecedor, aínda que concorda con Miguel que o cambio foi moi brusco. Pídelle a Miguel que anime a xente para que se presente ao sexenio, xa que na Biblioteca pódennles axudar para solicitar o sexenio.

O reitor cede a palabra a Marta Pazos, quen presenta diferentes achegas con respecto a complementos, vai dicilas todas:

Comeza polos complementos de excelencia; moita xente está recibindo correos electrónicos por estes complementos da ACSUG, indicando que ás persoas que se presentaron na convocatoria 2018 e que non se presentaron o ano pasado se lles quitan eses complementos. Pensa que debe haber un erro, xa que na convocatoria 2018 avaliábase o período 2013-2017, e no 2023, era o período 2017-2021, quere que se revise, porque ten que haber un erro.

Por outra banda, se están denegando os trienios ás persoas investigadoras que veñen doutras institucións, e iso non fora o acordado en mesa ou, polo menos, esa non era a idea nun primeiro momento. No ano 2022, presentouse na mesa unha táboa na que se indicaba que non se podía facer o pago dende xaneiro porque non había orzamento para o pago do primeiro trienio, porque entendíase que a universidade ía facerse cargo dese primeiro trienio. A día de hoxe é consciente de que os pagos dos trienios estanse facendo dende o primeiro trienio a través dos custos directos dos proxectos, polo que lembra que iso non fora o acordado. Respecto a esta temática, tamén indica que existen reclamacións feitas dende marzo do ano 2023 relacionadas co recoñecemento destes trienios, doutras administracións, e estas persoas non recibiron resposta deste servizo.

O reitor comenta que con respecto á ACSUG hai unha nova convocatoria, pero é unha realidade, que toca todos os anos, que despois recuperas cando fas a avaliación, con efectos retroactivos. Pediremos que o revisen para ver se hai algún erro. Cando estaba Manolo, acordouse que se pagara o primeiro trienio na Universidade de Vigo, non noutras administracións. Está pendente de negociación o resto de PDI cando toque, aínda hai que facer as contas. Marta Pazos intervén para dicir que os trienios os están pagando a través de custos directos dos proxectos, cita a Anxo Moreira, que contou que están pagando os trienios de ese modo. O reitor responde que se mirará con calma, e que intentará unha resposta pronto en mesa de negociación.

Consuelo Vázquez fala da composición dos membros de tribunais, Catedráticos, Titulares, Profesorado Permanente Laboral e Axudantes Doutores; quere saber se se fará de acordo co artigo 70 da LOSU, cunha maioría de membros de universidades externas á UVigo, e se xa está feita unha listaxe pola universidade, para saber como se van a definir estes tribunais. O reitor responde que na CRUE dixeron que probablemente en decembro íamos ter a listaxe para que despois as universidades podamos facer, porque non temos xeito de saber cales son as persoas que poden formar parte desa listaxe de todas as universidades do Estado e o CSIC, pero aínda non o enviaron. A vicerreitora de Profesorado e Ordenación Académica engade que esas listaxes as vai a facilitar o Ministerio pero, en relación coa normativa, estamos xa nun proceso avanzado de borrador que será presentado nos próximos consellos de goberno.

Consuelo Vázquez formula outra pregunta en relación coas prazas de profesorado permanente laboral deste ano, para coñecer se hai algún borrador, requisitos, e cando van a saír. A vicerreitora de Profesorado e Ordenación Académica lle responde que todo vai depender de cando teñamos a normativa porque non se pode convocar ningunha praza sen a normativa correspondente. Seguramente no primeiro cuadrimestre do ano. Consuelo pregunta se a estas comisións tamén lle afectará o artigo 70 da LOSU, ao que a vicerreitora responde que a todas, incluídas tamén as de axudantes doutores.

Rebeca P. Díaz Redondo fai un rogo con respecto á convocatoria de docencia quinquenal que sacou a Uvigo, xa que avalía o período 2017-2018, 2021-2022, pero resulta que non todos os docentes poden ser avaliados porque non recibiron a súa avaliación positiva do período anterior, cunha carencia de 5 anos. Fixeron a consulta, e dixeron que segundo a normativa é inviable, pero resulta entón que non van a poder ter avaliados dous anos académicos. Pide que se revise a convocatoria deste ano, e en segundo lugar que se plantexe algunha alternativa. O vicerreitor de Titulacións e Innovación Docente falará coa Área de Calidade para saber se pode haber algunha alternativa. Rebeca agradece que se mire para ver se se pode arranxar.



Non hai mais intervencións.

O reitor agradece a presenza dos membros do Consello de Goberno.

Ao non haber máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 11.01 h. do día 24 de xaneiro de 2024, da que eu como secretaria xeral dou fe, co visto e praxe do reitor.

O reitor

A secretaria xeral